5. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	<p>CNB2.5.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o cuidado e mantemento do funcionamento global do corpo.</p> <p>CNB 5.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para prever e detectar os riscos para a saúde.</p>
6. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	6. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
7. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	7. Identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos.

CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
1.Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)	1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido.
2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos.	2.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada.
3.Realizar traballos e presentacións a nivel individual que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, individualmente ou dentro dun equipo.	3.Realiza traballos e presentacións que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
4.Respecta a variedade dos diferentes grupos humanos e valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos.	4.Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos dereitos humanos.
5.Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.	5.Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.
6.Desenvolver actitudes en cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.	6.Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.
7.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	7.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
8.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.	8.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan. Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa
9. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.	9 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.
10..Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.	10.Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.
11. Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.	11.Describe as principais características da poboación española e europea.
12.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes.	12.Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.

2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

A metodoloxía será **activa, participativa, lúdica e práctica**. En todo momento téntase que as aprendizaxes que se realizan se podan poñer en práctica na vida cotiá, polo que tamén é **funcional**. Ademais tamén é unha ensinanza **significativa**, pois téntase que o alumno/a comprenda o que está a estudar, unha aprendizaxe **non mecánica**, neste caso as novas tecnoloxías serán o soporte fundamental.

Traballarase de **xeito individual**, con **libros dixitais** que permiten autocorrección e na que o alumno pode avaliar a súa evolución e o desenvolvemento das competencias básicas. Tamén se traballará nos cadernos e a proposta doutras actividades coma, diario, cómic, receitas... Preténdese que o alumnado traballe de forma autónoma e motivada.

Dado que **todo o alumnado ten conectividade** faise semanalmente a publicación na páxina web das **actividades** propostas. Estas **actividades son de recuperación, repaso, reforzo e ampliación**. Isto tamén servirá para o reforzo e recuperación do alumnado con materias pendentes.

Os recursos cos que se conta son PC, tableta ou ipad para conectarse, o libro dixital do alumno/a, libro de clase en papel, cuadernos, libros de lectura, actividades interactivas no ordenador en soporte dixital, vídeos tutoriais...

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN : procedementos, instrumentos, avaliación final e recuperación.

Procedementos: Observación do alumnado e comunicación co alumnado, corrección e control da proposta semanal de tarefas, autoavaliación, valoración da consecución dos propios logros, conexión co grupo e interacción cos compañeiros/as así como a relación co profesorado a nivel de comunicación.

Instrumentos: fichas de control e seguimento.

A avaliación final basearase na nota dos alumnos na primeira e segunda avaliación deste curso, tendo en conta os criterios de avaliación deste terceiro trimestre, con carácter sumativo, se son positivos.

Hai un alumno que ten pendente a área das linguas. A proposta de traballo baséase no reforzo, recuperación e repaso, seguindo a metodoloxía do grupo de referencia, con un seguimento máis personalizado, na realización das tarefas nesta área. Pode recuperar se amosa interese e implicación na tarefa proposta.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O contacto co alumnado e as súas familias realízase a través de **teléfono, correo electrónico, Abalar, páxina web do centro** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescarabote/>

Nesta mesma páxina publícase **a publicidade**.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip de Escarabote
CURSO: Curso 2019/2020
MATERIA: Educación Artística
DEPARTAMENTO:
DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	- Identifica e usa as cores aprendidas.
	- Identifica figuras xeométricas básicas.
- Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	- Recoñece as principais partes da figura humana.
	- Identifica os diferentes tipos de liñas.
	- Emprega os diferentes tipos de liña para completar os debuxos.
	- Usa diferentes tipos de materiais para crear obras plásticas.
	- Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.
	- Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e técnicas básicas (recortar, encher, usar pinceis, rotuladores, lapis de cores, etc.).
	- Realiza un mosaico, con axuda da cuadrícula.
	- Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.
	- Presenta as tarefas con orde e limpeza, respecta do as normas e indicacións establecidas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2º EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Explora diferentes texturas.	- Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.
- Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	- Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
- Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher,...).	- Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado,...
	- Realiza correctamente mesturas de cores primarias.
	- Clasifica e ordena as cores primarias e secundarias no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.
	- Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas.
	- Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo ou imaxinario.
	- Utiliza liñas e figuras xeométricas básicas.
	- Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.
	- Emprega os diferentes tipos de liña para completar os debuxos.
	- Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.
	- Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.
	- Presenta as tarefas con orde e limpeza, respecta do as normas e indicacións establecidas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	- Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.
- Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	- Diferencia as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.
- Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas.	- Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións.	- Relaciona artistas coas obras máis representativas.
- Utilizar medios tecnolóxicos para buscar material para as creacións propias.	- Utiliza cores e tonalidades cunha intención de estética.
	- Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
	- Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
	- Usa a técnica de colaxe.
	- Utiliza medios tecnolóxicos para buscar material para as súas creacións.
	- Presenta as tarefas con orde e limpeza, respecta do as normas e indicacións establecidas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Identificar determinados/as artistas e as súas obras máis significativas.	- Procura información sobre artistas plásticos/as.
- Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	- Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.
- Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas de proporción.	- Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético.
- Utilizar e manexar as novas tecnoloxías como medio de información, investigación e deseño.	- Realiza unha obra con materiais de refugo.
	- Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais.
	- Utiliza ceras, rotuladores, etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas, etc.
	- Representa imaxes usando diferentes características da cor.
	- Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.
	- Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda de ferramentas básicas.
	- Coñece e utiliza os recursos tecnolóxicos para obter información, imaxes, etc. e elaborar as súas propias creacións.
	- Presenta as tarefas con orde e limpeza, respecta do as normas e indicacións establecidas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, etc.).	- Busca cartel e confecciona o seu propio anuncio.
- Realizar carteis utilizando formas básicas do debuxo xeométrico.	- Confecciona planos e mapas simples con axuda de ferramentas básicas.
- Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	- Combina e analiza as cores para a súa correcta utilización.
- Utilizar e manexar as novas tecnoloxías como medio de investigación e deseño.	- Constrúe obxectos tridimensionais.
- Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	- Realiza imaxes humanas, animais e de casas, partindo dun bosquexo.
	- Emprega as novas tecnoloxías para o deseño dixital e tratamento de imaxes.
	- Coñece e usa as principais ferramentas do debuxo xeométrico.
	- Presenta as tarefas con orde e limpeza, respecta do as normas e indicacións establecidas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Observación do traballo semanal realizado polo alumnado, progreso e participación nas tarefas.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Fichas de rexistro, onde se anotan os resultados obtidos a partir da análise de tarefas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación final do curso obteráse tendo en conta os resultados obtidos no 1º e 2º trimestre, aos cales se poderán sumar aqueles obtidos deste 3º sempre e cando sexan en positivo.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	
Materiais e recursos	

Actividades: As actividades propostas para este terceiro trimestre son de repaso e reforzo. Traballamos con actividades sinxelas nas cales os alumnos poden ser autónomos no seu traballo. As tarefas serán en certo modo abertas, con diferentes opcións para a súa elaboración, dándolle así distintas posibilidades ao alumnado que non conte con certos materiais de artes plásticas, polo que se favorecerán aquelas actividades nas que o material requerido sexa sinxelo de atopar ou de uso cotiá.

Metodoloxía: A metodoloxía a seguir é mediante o blog que me permite ter organizado todas as actividades das asinaturas que imparto ao meu alumnado dunha maneira moi visual. Cada domingo subo as tarefas semanais por cursos e asinaturas e o alumnado, tanto no mesmo blog a través dun comentario como tamén por correo electrónico facilitado polos pais e nais co envío das actividades que así o requiran, me comunica que o traballo proposto está feito.

Co alumnado que non ten posibilidade de conexión manteño comunicación a través das titoras. As tarefas nestes casos son fichas a imprimir polo persoal de Protección Civil.

Materiais e recursos: Os materiais e recursos empregados no blog favorecerán o uso de recursos variados e múltiples, convencionais e non convencionais, así como a creación de recursos propios elaborados polo alumnado con materiais diversos. Outros recursos poden ser contos ou vídeos relacionados co traballo a facer.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Información ao alumnado e ás familias: A comunicación coas familias e a través do blog e do correo electrónico creado para este fin. En casos puntuais manteño a comunicación a través das titoras, como pode ser con aquel alumnado non non posúe os medios tecnolóxicos adecuados.

Publicidade: Páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ESCARABOTE
CURSO: PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO:
DATA: 11 DE MAIO 2020

INTRODUCCIÓN

O meu principal obxectivo será apoiar os estudantes e as súas familias, para facer posible o desenvolvemento das súas tarefas respectivas en condicións que promovan o seu benestar.

Durante o terceiro trimestre continuaré coa atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse en forma, promovendo actividades e xogos, que estarán adaptadas á idade e ás características do alumnado, así como á situación excepcional que estamos a vivir.

Farei un especial esforzo para identificar o alumnado que carece de medios de conexión dixital e, en virtude da súa autonomía organizativa e de xestión, buscando as medidas necesarias para a atención educativa a este alumnado.

Intentarei que os nenos e as nenas xoguen na casa, e practiquen alguna actividade física.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

- Participa activamente nas actividades propostas.
- Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
- Recoñece como axente de saúde a actividade física, e a inclúe na súa rutina diaria.
- Practica xogos libres e xogos organizados.
- Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Coñece xogos e bailes propios doutras culturas.
- Realiza actividades no medio natural.

2. Avaliación e cualificación.

A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación. Deberá buscarse a implicación das familias, como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas, suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable, tan necesarios na realidade actual.

4. Información e publicidade.

A información será publicada na páxina web do centro. Semanalmente envío a actividade a realizar nés carpetas de cada curso do google drives do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 6 DE 6	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ESCARABOTE

CURSO: 1º, 3º, 4º , 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS

DEPARTAMENTO:

DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 1º E. PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos.	-Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión
-Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...) sinxelas.	-Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...).
-Comprender instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula	-Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis?).
-Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	-Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados
-Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	-Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.
-Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	-Completa frases moi sinxelas e lexibles previamente traballadas de forma oral e escrita seguindo un modelo dado con léxico relacionado co tema da escritura.
-Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente	-Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social: Usa saúdos e despedidas e fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 3º E. PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.	-Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá, así como os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas (vídeos) sobre temas familiares ou do seu interese.
-Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	-Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
-Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado.	-Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
-Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá.	-Escribe textos sinxelos, seguindo un modelo dado con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses cunha ortografía correcta.
-Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas	-Completa actividades en liña.
-Responder de forma escrita a preguntas traballadas previamente sobre temas axeitados ao seu nivel e intereses	-Responde de forma escrita a preguntas traballadas previamente sobre temas axeitados ao seu nivel e intereses
-Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	-Amosa interese por coñecer aspectos doutras culturas lendo , vendo vídeos ou buscando información sobre elas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 4º E. PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses.	-Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais axeitados ao seu nivel sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén apoio visual.
. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	-Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
-Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles usando as estruturas traballadas e o vocabulario.	-Escribe textos sinxelos, seguindo un modelo dado, con léxico relacionado co tema da escritura e estrutura gramatical axeitada propios do seu nivel.
-Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas , facer producións persoais,... .	-Utiliza de xeito guiado as TIC. E tamén as usa para producir textos escritos significativos seguindo o modelo traballado
-Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia (horarios, hábitos, festividade...).	-Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 5º E. PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos por soportes multimedia.	-Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet
-Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	-Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral usando as estruturas traballadas durante estes trimestres.
-Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	-Comprende información básica escrita relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
-Producir mensaxes breves usando as estruturas gramaticais que coñecen correctamente para escribir felicitacións, instrucións, carteis,...	-Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións)
- Amosar curiosidade ante a lingua a estudar e por coñecer a súa cultura.	-Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
-Identificar os tempos verbais traballados nas unidades didácticas dos dous primeiros trimestres.	-Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado.
-Escribir diálogos simples usando modelos nos que utilice estruturas gramaticais correctamente, enlace adecuadamente os elementos das oracións e use correctamente os nexos básicos, seguindo as normas ortográficas básicas.	-Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 6º E. PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente traballados nestos 2 trimestres, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos.	-Comprende mensaxes, anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns,...e entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares .
-Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	-Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.
-Discriminar patróns sonoros, acentuais , rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	-Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
-Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.	-Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase;
-Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares	-Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) , instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, e información breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola.

<p>-Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>-Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) onde ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p>
<p>-Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.</p>	<p>-Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	-Procedementos: -Revisión, análise e comentario das actividades e traballos semanais realizados e rexistro personalizado, onde se anotan os progresos apreciados .
	-Instrumentos: -Exercicios específicos asociados aos diversos obxectivos programados: fichas tradicionais, interactivas, xogos interactivos, producións propias,...
Cualificación final	A cualificación final do curso obteráse tendo en conta os resultados obtidos no 1º e 2º trimestre, aos cales se poderán sumar aqueles obtidos neste 3º sempre e cando beneficien ao alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Hai unha alumna en 3º E.P. coa área do nivel educativo anterior pendente, outra alumna no 5º nivel de Primaria e 2 alumnos e unha alumna en 6º . Nestes casos tomaranse como referencia os criterios da avaliación correspondentes aos niveis nos que teñen a materia pendente. Prepáraselle actividades específicas co fin de superar a materia. Aqueles alumnos ou alumnas que teñen suspenso a primeira e segunda avaliación, tamén recibirán un cuaderno de traballo composto de actividades de recuperación.
	Criterios de cualificación: A recuperación da materia dependerá da entrega e da claridade e corrección das actividades de recuperación propostas ata a data da avaliación. É dicir, da realización con aproveitamento das actividades de recuperación propostas.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Revisión e corrección con notas explicativas das actividades de recuperación específicas co fin de superar a materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Repaso dos contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación.- Reforzo para o alumnado con algunhas dificultades para acadar obxectivos e desenvolver competencias.- Recuperación para o alumnado coa área pendente do curso anterior (unha alumna no 3º E.P., outra alumna en 5º e dous alumnos e unha alumna en 6º). <p>Son actividades sinxelas nas que o alumnado pode ser autónomo. Predominan as actividades receptivas/ de escoita, sobre todo no primeiro nivel: escoita de audiocontos, cancións, lectura de contos adecuados a cada nivel (no primeiro nivel, contos xa lidos na clase e outros), e fichas moi sinxelas, guiadas, e tamén interactivas elaboradas na rede sen necesidade de imprimir. Os resultados chéganme automaticamente e podo ver os erros que se cometeron e así saber que contidos e alumnos ou alumnas necesitan máis reforzo.</p> <p>Tendo en conta está situación extraordinaria na que nos atopamos, pretendemos achegar a área de Inglés ao alumnado dun xeito divertido, ameno.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Cada semana, o domingo, colgáanse as actividades semanais na páxina web do centro planificadas según o horario e con explicacións para os nenos/as e as nais e pais para que vexan como se vai desenvolvendo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p> <p>Todo o alumnado ten acceso a medios telemáticos, en maior ou menor medida (ordenadores e wifi compartida, impresión de fotocopias por parte do Concello, móbil para ver vídeos e escoitar audios ou facer vídeos) para a realización da maioría das actividades propostas.</p> <p>O alumno/a, ao longo da semana, ten que traballar cos contidos e individualmente, pode preguntar as dúbidas ou problemas que se lle presentan. Procede a resolver as actividades e entregalas por correo electrónico. Temos en conta as circunstancias persoais de cada familia.</p> <p>Corrixo e devolvo a cada alumno/a as actividades con notas explicativas dos fallos que se observan. Coas fichas interactivas tamén podo ver o proceso e os resultados de inmediato.</p>

Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Servidor de actividades: Cloud Drive. - Correo electrónico. - Páxinas web suxeridas para traballar contidos en inglés (a través de xogos, cancións, fichas interactivas, audio-contos, ...) - Vídeos explicativos e vídeos enviados polo alumnado onde se traballa a produción oral (a partir do 3º nivel) - Libro de texto. - Libros de lectura
-----------------------------	--

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> -Páxina web do centro. -Teléfono. -Mensaxería Abalar. -Correo electrónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescarabote

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip de Escarabote

CURSO: Curso 2019/2020

MATERIA: Lingua Estranxeira Inglés 2º Educación Primaria

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Comprender sentido xeral de textos orais, como poden ser contos breves e sinxelos.	- Comprende a información esencial dun conto.
- Comprender preguntas e información relativa á información básica (nome, idade, gustos,...).	- Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.
- Identificar o tema e comprender, o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves.	- Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos.
- Utilizar e aplicar estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais do texto.	- Comprende a idea principal dunha historia sinxela.
- Escribir frases curtas e sinxelas para falar de sí mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá.	- Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.
- Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	- Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.
- Expresar nocións moi básicas e elementais relativas ao tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma e cor.	- Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade,...).
- Utilizar estruturas morfosintácticas básicas propias do seu nivel.	- Identifica e asocia frases simples con imáxenes ilustrativas.
- Utilizar o léxico propio do seu nivel.	- Expresa e identifica o que lle gusta e o que non.
	- Diferencia preguntas e respostas moi simples.
	- Comprende e usa vocabulario básico traballado nas distintas unidades.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Observación do traballo semanal realizado polo alumnado, progreso e participación nas tarefas.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Fichas interactivas e tradicionais e análise dos procedementos e resultados finais de xogos interactivos. As actividades feitas polo alumnado quedan recollidas nun caderno de rexistro.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación final do curso obteráse tendo en conta os resultados obtidos no 1º e 2º trimestre, aos cales se poderán sumar aqueles obtidos deste 3º sempre e cando sexan en positivo.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	
Materiais e recursos	

Actividades: As actividades propostas para este terceiro trimestre son de repaso e reforzo. Traballamos con actividades sinxelas nas cales os alumnos poden ser autónomos no seu traballo. Predominan as actividades receptivas, é dicir, de escoita, como poden ser exercicios de escoitar e unir, pero tamén de lectura de contos ou historias que aparecen no libro de texto co cal traballamos con preguntas a contestar. Estes exercicios están recollidos en fichas interactivas que permiten a observación do proceso de aprendizaxe e análise dos resultados, pero tamén lle permite ao alumnado avaliarse a sí mesmos, xa que no mesmo momento de finalizar dita ficha aparecen os resultados e posibles erros cometidos. Outras actividades propostas son vídeos de cancións e bailes, vídeos de rutinas e explicativos gravados por mín e xogos interactivos.

Metodoloxía: A metodoloxía a seguir é mediante o blog que me permite ter organizado todas as actividades das asinaturas que imparto ao meu alumnado dunha maneira moi visual. Cada domingo subo as tarefas semanais por cursos e asinaturas e o alumnado, tanto no mesmo blog a través dun comentario como tamén por correo electrónico facilitado polos pais e nais co envío das actividades que así o requiran, me comunica que o traballo proposto está feito. Co alumnado que non ten posibilidade de conexión manteño comunicación a través das titoras. As tarefas nestes casos son fichas a imprimir polo persoal de Protección Civil.

Materiais e recursos: Os materiais e recursos e empregados no blog son fichas interactivas de reforzo e ampliación, é dicir elaboradas na rede sen necesidade de imprimir. Directamente unha vez rematada a ficha, os resultados chéganme automaticamente e podo ver os erros que se cometeron e así saber que contidos e alumnos ou alumnas necesitan máis reforzo. Outros materiais e recursos habituais son vídeos de cancións e bailes, vídeos explicativos e de rutinas gravados por mín, xogos interactivos nos que podo observar o proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas e contos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

